

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

Public. 182

Os mandamentos d'o MARCOS  
fora d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c'o que manda a ley,  
loitar pol-o neso adianto  
con autuasimo e con fé,  
vestir calzós e mouteira  
per omnia sécula amen.



Teñen os pobos á gala  
n-o seu linguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, alemán,  
sóilo os gallegosd' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dulce  
fala que falan seus país.

## PARRAFEOS C'O POBO GALLEGO

Ano sexto

Ourense 30 de Marzo de 1884.

Parrafeo vinte

### POR ONDE LLES DOY 'AS SOLTEIRAS

Non hay que sentir desasosego; non se trata d' un estudio analítico médeco pra saber por onde lles doy ás mulleres solteiras e pra que por alí pódean darlle ós mozos que d' elas queiran vengarse. O título d' este traballo ben a ser a sentenza d' un señorabade que dempois de moito padricar contr' as solteiras que tiñan tropezos, que non eran poucas pol a súa parroquia e pol-as limítrofes, descubreu o remedio d' o mal aló n-os seus meolos e dempois de poñelo en práutica e de recller os resultados primeiros, exclamou batendo unha palmada n-o medio e medio d' a testa: «¡Xa sei por onde lle doy ás solteiras!»

Cuase pasou un sigro e non hay pra que mentar onde foi. Era unha feitizada ribeira en oito leguas á redonda: n-ela estaban encravadas catro parroquias esparexidas en lugares como bandada de brancas pombas. Abondaban ós sementados de centeo baixo un ceo esprandoroso, y-os aires pol-a mañan-ciña cedo y-ó mórrer o día viñan cargados

d' os cheiros d' as silvestres froles. Os veciños pouco castigados pol-o traballo, pois aforralles moito a fertilidade d' a terra, eran de seu ledos e riseiros e xuzgábons felices. Non era milagre, pois, que á mocidade d' aquelas comarcas lle fervese a sangue n-o corpo e se dise a miúdo á folganzas e divertimentos comprometidos.

As noites de luar prácidas e seréas, os cheiros d' atmósfera, os cantos d' os paxariños n-os álborés, o murmurar d' o río, a natureza amostrando seus xermos á fror de terra, as vides en cariñosa aperta n-os parralles, as perspeutivas d' o paíxise, todo convidab' a es-s misterios, a esas expansiós que se sinten con forza domeñadora e sobrenatural. Añadindo a esto as costumes d' aquelas xentes sencillas e francas, a liberdade que gozan os homes e mulleres que lonxe d' a vixilancia d' os seus pais traballan n-os agrós, o estrevemento natural d' os primeiros y-o carácter sensibre d' as segundas, terendes adiantado moito pra espreicar-bos o porqué d' a frecuencia n-os tropezos y-a causa de que n-o rexistro de nacidos d' a parroquia

fose grande o número d' os fillos d' achego.

Mais' d' unha vez axutáronse os catro abades pra poñerse d' acordo pr' atallar os estravios d' a mocidade; conviñan todos á unha n-a urxencia de padricar n-as misas parroquiales cargando a mau n-o sesto, mais como si nada: levaba as suas palabras o vento como si os aludidos dixesen: *padricamez frade, que por un oubido m' entra e por outro me sae* y-a secreta forza d'a natureza botaba pol-o chao a moral padricada n-as eirexas pol-os abades.

Xa todos esconfiaban d'a eficacia d'os seus esforzos, cando o abade d' o noso conto descubriu o remedio de que vos falei ô comenzo d' este traballo. Comunicouno ôs demais e n'un mesmo dia os catro á unha botaron un sermón por este xeito:

«E un escándalo o que pasa n-estas parroquias: son mais os fillos d' achego qu' os de lexítimo matrimonio, e pra que non vaya adiante, pra que a moral pública non padeza os que temos ô noso cargo a cura d' as almas vémonos obrigados á poñer a mau n-o conto, pero á poñela como Dios manda, sin miramentos nin compracencias de ningunha casta.

»Dende hoxe cantos fillos d' achego veñan á pía d' o bautismo pra recibir o nome de cristianos levarán n-este nome a contraseña particular d' o pecado orixinal d' os seus pais. Sépiano as solteiras que meses dinantes d' o paso andan d' scurrindo nomes froleados pra lle poñer ôs seus fillos, cantos nazan n-estas circunstancias e sexan bautizados, paráselles por nome, si son homes, Canuto, Cornelio, Nicodemus, Enecon, Abundio, Mamete, Xudas, Galo, Quirico, Murcio, Zotico Zenon e Homobono, e si son mulleres, Bárbara, Tecla, Afra, Lugarda, Mirope e Pantaleona; d' este santoral non poden saírse, e perderán o tempo si veñen con antoxos d' outros nomes, porque eiqui non valen antoxos que xa os teñen d' abondo fora d' a eirexa cando fan as falcatruadas que acostuman.»

E dito e feito, levouse á cabo o acordo, e

nin súplicas nin choros conseguiron facelos desistir d' o seu propósito.

O primeiro fillo d' achego que foi á pía baptismal, bautizouse c'o nome de Canuto. En vano os padriños c'os mellores modos diron á enten-ler ô crego que aquilo de Canuto non lle soaba á cristiano. O señor abade terne que terner dixo que habia de ser Canuto, e foi no sin redencion. O segundo bautizado púxoselle Mamete, nome que si lle rallaba a nay moitonon lle pareceu tan fora de camiño ô pai, mozo churrusqueiro e maleante.

En canto ás achegadizas, por dúceas contábanse as Bárbaras.

Tal acordo, armou entr' as mozas solteiras d' alcaldía un medio rebulicio que chegou a maores cando n' unha festa lle preguntaron a unha nai en chunga que tal estaba o seu galo e cando lle tiraba o peito. A probe d' a muller, avergonzada de que coidasen que lle daba de mamar a un galo, morreu de tristura. Esta morte foi un escarmento pr' as demais, e dend' aquela o número d' os fillos d' achego foi baixando, baixando, baixando, hastra que dous anos dempois apenas aparecia n-o rexistro d' a parroquia un fillo sin pai conecido.

Satisfeito con tal triunfo o noso abade puxo o caso en conecemento d' o señor obispo, gabándose de que a moral chegara a ser unha verdade n' a sua parroquia e n-as veciñas, coneruindo a carta co-este párrafo que non deixa de t'er alcance: «Pol-o que levado, a Sua Ilustrísima conecerá que en tocante a cura d' almas non son d' os que me durmo n-as pallas, e que non fixen pouco ô descubrir por onde lle doy ás solteiras pra que teñan mau de sí e non den os tropezos que acostunaban.»

#### AS CAMPÁS DE VILANOVA

Cantos recordos n-o mundo  
a vida d' o espritu forman,  
d' o meu pasado as legrias  
e d' o meu presente as coitas,  
meus sonos e meus amores,  
de cote se me recordan,  
cando n-a noite calada  
lentas e dooidas soan,



as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

D' outono unha leda tarde  
repinicaban a groria:  
un ánxel morto levaban  
outros ánxeles pr' a cova;  
estoupaban os foguetes,  
y-unha alborada melosa  
iba o gaiteiro tocando  
cal si pra unha festa fora.

Detrás d' o morto anxeliño  
iba chorando unha moza,  
garrida com' unha vírxen  
e triste com' unha rola.  
Vina e viume; un pensamento  
animou as almas nosas,  
e sin que os lábeos falaran  
entendéronse unha y-outra.

O adro d' airexa, o enterro  
chegou; deixaron n-a cova  
o corpo d' o pequenino,  
e fóronse as xentes todas:  
eu y-ela solos quedamos,  
veudo, eu triste, éla chorosa,  
botar o sepultureiro  
montós de terra n-a focha,  
e namentres resoaban  
e repinicando a groria,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

Dous anos dempois, á morto  
dobraban lentas, queixosas;  
camiño d' o campo-santo  
un enterro vai, e choran  
sin consolo cantos séres  
o triste cortexo forman.

Croada de mirto e frores  
vai n-unha caixa unha morta,  
queda, inmóbrea, os ollos pechos  
e pecha tamén a boca;  
mais parès fada que dorme,  
ou muller que amores soña,  
que a negra morte non poido  
roubarlle as suas gracias todas;

O adro d' airexa, o enterro  
chegou; puxeron n-a cova  
o corpo d' aquela vírxen,  
e fóronse as xentes todas.  
¡Eu solo quedei! sintindo  
as soedades mais fondas,  
cheol-os ollos de vágoas  
y-o curazon de congoxas:  
¡Eu solo quedei! oubindo  
cair a terra n-a focha  
con barullo xordo, extraño.  
E con pausa pavorosa;  
e como si responderan  
ou contasen miñas coitas,  
seguían dobrando a morto  
lentas, dooridas, queixosas,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

¡Ay coitado, Anxelo! dixen.

falando connigo á solas.  
N-o Campo-santo nacera  
teu amor, y-ô pé d' a cova  
onde nacera, pra sempre  
somiuse entre loito e sombras,  
a vírxen que ch' o ispirara,  
a tua querida Eurosia,  
¡qué amores que a morte alcende  
nunca moita vida logran!

¡Ela morreu, mais non morre  
seu recordo n a memoria,  
non deixarei de lembrala  
chorando con pena fonda,  
non deixarei de querela  
nin d' amala, mentras oya  
soar n-a calada noite  
lentas, dooridas, queixosas,  
as campás d' a miña aldea,  
as campás de Vilanova.

### EN AUDENCIA.

—Tio Marcos, o señor direutor d' *O Eco d' Ourense* di que si dispon de vagra querre botar un párrafo con vosté.

—Pois dille que pase, Fuco.

—Moito me folgo de velo tan famoso, Tio Marcos.

—Agradézollo: ¿e logo, que milagre por eiquí?

—Veño á consultar un caso que me pasou, e como vello experimentado, á pedirli consello d' o que ei facer.

—¡Pra consellos estamos agora!

—Nantronte o señor Gobernador d' a provincia zorregoume unha multa de 500 pesetas por lle poner ese escrito d' o que pode enteirarse.

—¡Seis onzas e piques! ¡Cen pesos en cen rodas! ¡Dez mil cadelas por esbribir esto, que dempois de todo e si con calma se xuzga, é pouco menos que nada!

¡A esto chamase retorcerlle o pescozo ós argumentos!

—Eso digo eu; pero o conto é que ten un que ir soltando as cadelas con razon ou sin ela, e como teñen a corda pol-a mau turran, hastra que se cansan.

Pois amiguíño, a conta non maura; pol-o sí ou pol-o non hay que soltar a buisa n-a caixa de Depósetose facer emprego d' o dereito d' o pataleo; alzándose d' a providencia ante o señor ministro d' a Gobernacion, e pra esto non lle vexo consellos sinon cartos que vallan.

—E vosté que ten retranqueiras pra todo, ¿nonalcontra outro remedio?

—Dizei, hay un que ten lo boas tragadeiras ras pode dar resultados.

—Agradeceríallo que m'o dixese.

—Pois consiste nin mais nin menos que

en terlle unha novena a San Bugallo bendito abogado contr' os terremotos municipaes, poñéndose así n-a súa gracia e contándose n-o número d'os seus devotos.

—¿Pero que xuncras de santo e ese que xa me falaren d'el e non podo encontralo n-o calendario?

—E un santo que anque non padeceu martirio nin fixo milagres pol-o d' agora, anda en visperas de facelos d' aqueles que deixan lembranzas e segun me contaron preparáranse pra rezusitar moitos mortos.

—Pois ese non é santo d'a miña devocion nin sei que cheguen á rezarlle os que se teñen por liberales enxebres.

—Eso non pasa de ser unha opinion contra calquera, pol-o demais o San Bugallo bendito está hoxe de moda, e sei d' un fado d' alcaldes e concexales que non fai seis meses que botaban pol-as de Pavia barallando de liberales, que vineron agora de rogativa á bicar as ándas d'o santo novo alcendéndolle unha luz.

—Eso non quere decir mais sinon que hay xentes que lle poñen unha luz á San Miguel e outra ó demo, por mais qu' en aparencia as duas alumen ó santo Arcánxel.

—Non vai á auga pra ese muiño, nin esas son as centas que botan algús labercos. Quen manda é quen pode, e con estar á ben e'o que manda non hai medo á que lle venan á un con andrómenas e zaramallas. Hoxe por hoxe n-a córte celestial d'a situación San Bugallo bendito é o santo que tén as chaves d' o ceo en tocante ós negocios d'a provincia d' Ourense.

—Logo será calvo como San Pedro.

—Non debe selo, porque anque tén chaves, non é pra abrir nin pra pechar, nin son chaves d' as que teñen guardias, sinon chaves ingresas, d' as que teñen un buratiño n-o cabo pra encaixar n-a rosca d'os tornillos, e apertalos dempois hastra que conveña.

—E si chegan á saltar, ¿non quebrarán as máquenas.

—¿E logo pra que é o tento n-os pulsas?

—Xa vou vendo qu' o santo novo non é feito de pau d' amieiro.

—É de carne e hoso como calquer fillo de veciño, pero pol-a gracia de San Antonio, San Francisco e San Saturnino foi santificado en vida.

—Non acabo de caer d' a burra en baixo.

—Pois algús paus n-a albarda xa ll' os deron pra chimpalo.

—¿Qué paus me deron?

—Segun e conforme: si se contan por cadelas dez mil, si por reás dous mil, e si por pesos cen.

—¡Ay! ¿A multa?

—Si, esa mau de paus que si non lle chegaron ó corpo, chegaránlle á faltriqueira de costura á costura, e nin xiquera o consolo lle queda de decir que pol-o mundo anda quen-as ha de pagar.

—¿E qué farei pra me ver libre d' a praga d' as multas?

—Arrespnsarse.

—¿De qué maneira?

—Ei lle vai es: papalino que contén o responso de San Bugallo bendito, depréndao de memoria e canto vexa que o escoita algún devoto d' o santo novo, dempois de facer a sinal d' a cruz pra atrenegar ó demo y-unha figa pra que as bruxas sayan fora, non ten mais que recitalo con voz clara.

—Pois logo namentres, e si m' o leva o corpo deprenderéino e farei cauto vosté me di.

—Non, dinantes de que saya d' eiquí lea o responso pol-a mor de correxirle os erros.

—Alá vai logo:

#### RESPONSO DE SAN BUGALLO BENDITO,

Si buscas milagros, mira  
 Auntamentos esboirados,  
 patas arriba os alcaldes,  
 sin poleiro os sacretarios;  
 xa se soséga a súa ira,  
 aumentan os procesados,  
 sendo concexales fora,  
 botan a mozos e ancianos.  
 Os peligros s' arretiran,  
 os caciques van mandando,  
 digano Cules, Nogueira,  
 Pereiro e Villar de Barrio.  
 Si buscas milagros, mira  
 os liberas patexando,  
 poñendo o berro n-o ceo  
 falando en papel sellado:  
 asoségase a súa ira,  
 as denuncias van calmando,  
 xa unha cama ós concexales  
 lles fan en Montederramo;  
 os peligros s' arretiran  
 vanse as cousas remediando  
 que o diga aló por Xunqueira  
 Camilo Perez de Castro,  
 fale Arias Vila en Viana,  
 fale Aldemira n-o Castro.  
 Si buscas milagros, mira  
 como viven sosegados  
 caciques n-o Carballiño,  
 Bande, Celanova e Barco:  
 xa se sosega a súa ira,  
 premios danse ós renegados,  
 recobran votos perdidos  
 os fieles de San Bugallo:  
 os peligros s' arretiran,  
 vai compóndose o cotarro,  
 digano Durán en Bande,  
 Quiroga Vazquez n-o Barco,  
 Cantero n-o Carballiño,  
 en Verin Garcia (don Casto)  
 e Canido en Celanova  
 y-aló en Viana don Paco.  
 Si buscas milagros, mira  
 que pensan sair diputades



señores qu' eiquí non teñen  
conocementos e arraigo.  
Xa s' asosega a sua ira,  
moitos xa están deshauciados  
e quedan sin comedeiro  
estaqueiros y-empregados.  
Os peligros s' arretiran  
xa as cesantias pararon,  
mais cesantes xa non poden  
facer, nin á fungueirazos,  
pois non quedou un en pé  
nin xiquera pra contalo:

Fai o que queiras de nos,  
santo e divino Bugallo,  
pra que así dignos e xustos  
diante os teus ollos sexamos,

Amen.

### CASOS E COUSAS

N-o seminario conciliar d' Ourense ou anda o trasno en traxo de colexial ou algun meigallo se lle meteu n-o corpo a un d'os alumnos internos pois d' aspirante a crego por mais que n'o xuren non foi pensamento nin obra a trastada d' o derradeiro domingo. ]

E si non xuzguen os meus leutores.

Cando iba a escomenzar a cátedra de Liturgia, cando xa o director ocupaba o seu asento, escomenzou a cheirar enrabechadamente á xofre ardendo. Dinantes de deprocatarse o catredático e alumnos non facian mais que remexerse e botar as maus ás narices, mais o tufo d' o xofre fíxose tan forte que respiraban con traballo. D' o púlpeto que alí habia saía un fume negro como si por unha chaminea viñese á fio d' o inferno, é non podendo resistir o cheiro d' o xofre dixo secamente o catredático atufado e non sin causa: «Sospéndese a cátedra» e todos se chamaron á andana fuxindo á queima.

Un porteiro mal como poido, apagou o xofre.

O Reutor e demais encargados d' a direccion d' o seminario andan á esculca de quen foi o que tal fixo, mais como si tivese trato c' o demo, non aparece, nin xiquera chegaron a celler un cabo d' o novelo.

¿Como se fixo un seminarista con xofre?  
¿Pra que o puxo n-o púlpeto e lle prendeu lume?

Abofellas que a trastada ten moito que lle digan e pásase d' as que poden ser consentidas n- unha escola de aspirantes a cregos.

O *Cronista* que como si lle fora a pedir algo fíxose o novo pra coleccionar O TIO MARCOS D' A PORTELA está recibindo d' os compañeiros n- a prensa, leuciós saudábres.

Esos señoritos de lambita que teñen o comedeiro n-o ministerio d' a Gobernacion e que non se tratan mais que con fidalgos e aristócratas son así botados pr' adiante e non hay que darlles creto. D' abondo tenen os probes con dobrar o espinazo cando tenen que falar c' o seu amo don Francisco Romero Robledo e con levar a cabeza chea de fume.

E coidado que me fixo gracia que se chunguease d' os tios o órgano d' o ministro d' a Gobernacion que lle debe á un tio, pol- a curta a metá d' o que representa.

Agradézolle ós meus compañeiros a defensa que de min fan, aunque non fora precisa, porque por mais qu' O *Cronista* padrique non deixarei de ser quen son, teña moitos ou poucos suscritores, pois o conto é ir vivindo e ter á nemos e forzas e apoio n- a opinion pra sosterse con independencia sin andar languaneando suscritiós d' os empregados d' os Gobiernos civís nin cazar suscritores co- a galyola d' un volante firmado pol- o ministro como lle pasa ó encopetado e fachendoso diario de Madrid.

\* \* \*

—¿Car' a onde, vas Maripapa?  
—Vouche de car' a San Lázaro.  
—¿A mercar roscas e noces  
pr' os rapaces d' os teus amos?  
—Non vou a mercar, que vou  
a que me toquen o santo.  
—Pois estonces vai de presa  
que a min xa che m' o tocaron,  
é por certo que cho toca  
soilo con darlle dous cartos  
n- un *santi-amen* o santeiro  
o santeiro de San Lázaro.

\* \* \*

Segun conta un pródigo de Cibdá-Real porque un gromista dixo q' unha burra parira un neno feito e dereito, sin mais diferen- cia que ter a cara y- as orellas grandes, armouse unha barullada de xente pra ver o fenómeno diante d' o hespicio onde corrian voces de qu' estaba a burra parida, que tuvo a forza pública que escorrental- os curiosos.

O porteiro con tantos arrempaxós que lle deron pra qu' os deixase ver o fillo d' a burra (con perdon) alcóntrase enfermo.

Si a cousa pasase en Galicia, xa chove- rian chuscadas sobre d' os gallegos.

\* \* \*

Anda o Babel d' a política  
mais que nunca hoxe revoltos;  
«¡Viva a libértá!» Sagasta  
ponse a berrar com' un tolo.  
«¡A libértá y- o sufragio  
que conceda a todos voto!»  
escraman os esquerdistas

con voz que parés d' un trono,  
e namentras berran ús  
e piden reformas outros,  
turra que turra d' a corda  
cal si turrase d' un touro,  
Cánovas dí pra consigo:  
«Eu entendo este negocio,  
o que fai falta en España  
pra gobernalos á todos  
é pau, é pau e mais pau  
á brancos, negros e roxos.»  
E namentres qu' os políticos  
andan pol-o mando á tombos,  
e se quitan e se poñen  
e saen ús y-entran outros,  
os que trabucos pagamos  
vámomos quedando en coiros  
sin que ninguén nos redima  
d' este eterno purgatorio.  
¿Cándo ha de vir un Goberno  
que deixándose d' embrollos  
coide solo d' os adiantos  
e venturanza d' os pobos?

### Noites d' inverno n' aldea.

¡Xa se me van esquecendo  
aqueles contos de meigas;  
que, de pequeno, escoitaba  
sentado ó pé d' a lareira!  
¡Xa non me vou acordando  
d' aquelas alegres festas  
qu' ó ser de noite, xuntaban  
n-a casa a familia enteira!  
¡Mais inda sinto n-a yalma,  
bulir de cote unha idea  
qu' o amor d' a familia encende,  
o sentimento desperta,  
e que, por moito que viva  
en patria ou en terra alleas,  
non a podrí deixar nunca;  
¡non poderei vivir sin ela!  
Fai nacer dentro de min  
esta tan teimuda idea,  
o cariño qu' eu lle teño  
á miña querida terra,  
o recordo qu' aínda gardo  
d' a miña coitada aldea!  
Por eso, si triste, penso  
qu' estou en terra estranxeira,  
soilo con cerrar os ollos  
escoito os contos de vellas  
e asisto como n'un sono  
á aquelas alegres festas:

xa vexo á meu pai leendo;  
mentras, miña nai, fai media;  
e miña hirmá, n-o sarillo,  
devana branca madeixa,  
xunt' ó hirmao mas pequerrecho  
que c' o gatiño trasfega,  
porqu' o animal s' emboliga  
n-a cinsa d' a borralleira.  
Xa escoito o cri cri d' o grilo  
que, metido entre unha fenda,  
ó sentir calor d' o lume  
que xa chegou o vrao, pensa:  
vexo como, enguruñada  
fia estrigas unha vella.  
cerrando os ollos ó fume  
por medo de porse cega:  
mais acó, vexo unha moza,  
retirando a cazoleta  
onde ferven a cachon  
as patacas fariñentas;  
outra revolve o tixolo,  
qu' está n-a garamalleira,  
Por non deixar que se queimen  
os bullós co-a lavareda;  
un rapaciño, traballa,  
(e por certo ben de presa),  
arrincando graus de millo  
d' os carezos que rastrega;  
un lampantin, a unhos zocos,  
dalle con pingo e manteiga;  
e, entramentes, un langran,  
bruto com' unha chavella,  
bota n-o lume un mangado  
de queirogas ou carqueixas;  
as que, estralando, fan lume  
que reloce n-a espeteira.  
Todos están traballando,  
cada un n-a súa tarefa,  
soilo nos, xente miuda,  
esperamos pol-a cea,  
sin facer mais que quentarnos  
e gozar d' a festa aquela.  
¡Con que gusto escoitabámos,  
todiña a xente pequena,  
aqueles contos de mouros,  
aqueles contos de meigas!  
que mentras lle daba ó fuso  
nos contaba a tia Añela.  
N-aquelas noites d' inverno,  
tan largas e tan medrentas;  
n-aquelas noites escuras  
en que tanto os cás oubean,  
e que o vento asubiando,



fai cair d' a chiminea  
 anaquiños de fuluxe  
 qu' unto de bruxa semellan;  
 falábamos d os difuntos  
 qu' á media noite pasean,  
 d' os que se quedan muschiños  
 por qu' a cruz d' os mortos levan,  
 e d' as bruxas, qu' en basoiras,  
 van á cabalo as suas festas,  
 onde bailan toda a noite  
 c' o demo en forma da besta.  
 Tamen falaba d' o trasgo  
 que de noite as almas tenta,  
 vertendo o millo miudo,  
 peneirando n- a lareira,  
 ou correndo n- o fayado  
 á cabalo d' unha ovella.  
 ¡Ay que de cousas decia  
 aquela probe tia Añela!  
 ¡Ay que de contos contaba  
 de trasgos, mouros e meigas!  
 Unha vez, contounos un,  
 qu' inda o sei ñ pé d' a letra.  
 «Antronte paseivos (dixo)  
 chea de medo a noite enteira,  
 tendo encima d' o meu peito  
 unha curuxa muy negra,  
 sin poder refolegar  
 nin dar un berro, abofellas,  
 pois pesaba, a condenada,  
 com' un saco d' oito tegas:  
 os ollos, eran duas brasas  
 que me furaban a testa:  
 Co-as patas, qu' eran dous garfios,  
 arrincábame a pelexa;  
 y-o pico, com' unha trada,  
 cravábame n-unha orella,  
 e falábame alí drento,  
 dicíndome: «Bruxa; vella:  
 »xa n-o inferno, preparada,  
 »che teño unha gran caldeira,  
 »chea de promo derretido,  
 »pra zamparte drento d' ela.»  
 Oubíamos, os rapaces,  
 tendo toda a boca aberta,  
 sintindo ñ coiro de pita  
 e tembrándonos as pernas;  
 y-apesar d' esto berrábamos:  
 «¡Conte, conte mais, tia Añela!»  
 Hoxe xa vou esquecendo  
 aqueles contos de meigas;  
 hoxe xa me vou eu rindo  
 d' os contos d' a probe vella;

mais inda sinto, n-os ollos,  
 de vagóas unha chea;  
 cada vez que me recordo  
 d' a miña querida terra;  
 cada vez que penso, triste,  
 n-a miña coitada aldea!

XOSÉ TRESGUERRAS Y MELO.

CANTARES GALLEGOS

Nunca vin ponte sin rio  
 nin muiño sin rodicio:  
 nunca vin moza bonita  
 quo tivese moito xuicio.

Oliveira decotada  
 sempre parece oliveira,  
 y-a meniña ben casada  
 sempre parece solteira.

Señor San Roque de Lovios  
 estanqueiro d' o tabaco,  
 dígame señor San Roque  
 quen-o meteu n-ese trato.

Vaite sono, vaite sono  
 vaite d' a miña criada;  
 nin m' a vistes nin m' a calzas  
 nin lle me pagas soldada.

CORREO D'O "TIO MARCOS"

D. L. C., Viana.—Recibin a libranza de sete pesetas e quedan anotadol-os suscritores que n-a sua carta lembra.

D. R. V., Conxo.—Recibin as catro pesetas 50 céntemos pol-a sua suscripcion hastra trinta de Xulio. Mandáronselle es parrafeos atrasados. Saudíña, que ben a merece por ser un gallego enxebre.

Da E. F. de G., Betanzos.—Recibin as tres pesetas pol-a sua suscripcion hastra fin d' Abril. Moitas gracias pol-os seus desexos.

Sr. A. de C., Carballeda d' Avia.—Recibin os seis reás pol-a sua suscripcion hastra fin de Xunio.

D. D. V., Sárria.—O mesmo hastra fin d' Abril.

D. C. A. G. Penalba.—O mesmo hastra fin de Setiembre.

D. D. M., Arcos.—O mesmo.

D. X. L. A., Viladerey.—O mesmo.

D. T. P. N., Santiago.—Recibin a libranza de tres pesetas pol-a sua suscripcion hastra t.inta de Setiembre.

D. F. V., Tuy.—Recibin 6 reas pol-a sua suscripcion hastra trinta de Mayo.

Imp. d' O Eco d' OURENSE.

# ANUNCIOS

## O TIO MARCOS D' A PORTELA, PARRAFEOS GALLEGOS.

Sai á luz en Ourense todol-os domingos en oito páxinas en folio, contendo artigos de costumes, poesias, efemérides, cantares e contos d'o pais gallego.

### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

### ADIMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricións é por adiantado.  
Os números soltos véndense á dez céntemos de peseta.  
Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xiro.

## XASTRERIA

Quen á moda verdadeira  
queira vestir hoxe en día,  
n-a excelente xastreria  
qu' hay n-a rua de Pereira:  
fale c-o Xosé Maria.

Cantas prendas de vestir  
os fillos d' Ourense tran  
pra rumar ese lucir,  
alí todíñas se fan  
que xa non hay mais pr' ond' ir.

## GALZADO

O zapateiro Garcia  
ten n-a sua zapateria..  
com' é natural, zapatos  
que non s' atopan n-o dia:  
tan feitiños e baratos..

Aproveitando a ocasion  
os que tendo ou sin ter rendas  
calzades n-a pobracion:  
está n-a rua d' as Tendas,  
praza d' a Constitucion.

**P**ra comidas e bó viño  
buseande n-a vila nosa  
a casa d' a Xenerosa  
n-a rua d' o Pelourinho.

N-ela limpo e con fartura  
tanto se bebe e se come  
Por pouco, que non hay home  
que non laude a baratura.